

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN DA PS-01 E DUN APARCAMIENTO SUBTERRÁNEO, DENTRO DO CAMPUS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DO MAR, NOS TERREOS DA ANTIGA ETEA

1. Antecedentes

De conformidade cos seus estatutos constitutivos, Decreto 173/2011, do 4 de agosto, os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, correspóndelle á axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas.

A axencia tamén poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

O Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de febreiro de 2012, establece que o promotor do mesmo será a Xunta de Galicia.

O dito Plan inclúe, entre outros, o Proxecto sectorial PS-1 como área de vías, espazos libres e infraestruturas cunha superficie de 20.029 m². Contén o vial vertebrados de toda a ETEA que dá acceso dende o exterior do recinto ata a Praza de Armas e o mar.

Este proxecto sectorial foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 11 de febreiro de 2021, e establece como sistema de execución a expropiación, determinándose a ordenación do ámbito e, en especial, a urbanización e execución dos accesos aos espazos, encontrándose este solo afecto ao destino e usos indicados.



El correlativo Proxecto de Urbanización do citado Proxecto Sectorial PS-1 foi aprobado definitivamente por resolución da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 14 de setembro de 2023.

A Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, conscientes do carácter estratéxico que para Galicia ten dita actuación polo impacto social do obxectivo pretendido, pola súa magnitude, incidencia territorial e especiais características, consideran prioritario desenvolver la urbanización do Proxecto sectorial PS-1 pola súa contribución á creación dun gran espazo urbano que proxecte social, económica e culturalmente o valor do mar como ecosistema e como recurso socioeconómico de Galicia, coa urbanización e conexión coas redes xerais de infraestruturas.

3.- Impacto económico

Estímase o importe correspondente aos gastos de execución das actuacións de urbanización viaria, dotación de servizos de infraestruturas e acondicionamento de espazos libres da PS-1, asignados á Xunta de Galicia, nunha cantidade de 10.546.428,67 € (8.716.056,75 máis IVE), suma de tres conceptos: 9.729.678,67 € (8.041.056,75 € máis IVE), que é a recollida no proxecto de urbanización aprobado definitivamente cunha actualización de prezos realizada en maio de 2025, máis unha estimación de 211.750 € (175.000 € máis IVE) para a actualización do proxecto de urbanización e de 605.000 € (500.000 € máis IVE) correspondente á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde do conxunto, así como control de calidade.

O aparcadoiro subterráneo na Praza de Armas, será sumido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo que asumirá os custes íntegros que supoñan a redacción dos proxectos básico e de execución, a dirección de obra e control de calidade, así como o custe da execución da obra e a súa conexión co vial de acceso e saídas peonís, que se estima en 15.217.204,50€ IVE incluído.

A achega da Xunta de Galicia se realizará con cargo aos presupostos da Axencia Galega de Infraestruturas, 11.A1.621A.703.0, código de proxecto 2025-00004 Urbanización PS1 ETEA, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:



Ano	Importe sen IVE	Importe con IVE
2026	175.000,00	211.750,00
2027	2.562.317,03	3.100.403,61
2028	3.416.422,69	4.133.871,45
2029	2.562.317,03	3.100.403,61
TOTAL	8.716.056,75	10.546.428,67

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre as tres administracións públicas implicadas e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

O proxecto de urbanización da PS 1 ETEA atópase recollido con código de proxecto propio nos orzamentos da Axencia Galega e de Infraestruturas e deriva de acordos previos asumidos polo Consello da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

